

COMUNICADO SINDICAL CONXUNTO I-CSC, ELA, LAB E CIG

Os sindicatos asinantes, en representación da clase traballadora de Catalunya (Intersindical-CSC), Euskal Herria (ELA e LAB) e Galiza (CIG), diante da situación política no Estado español, e nomeadamente en Catalunya, e o ataque que se está dando contra a democracia e as liberdades, queremos manifestar o seguinte:

A situación que se está vivindo a día de hoxe en Catalunya é dunha auténtica excepcionalidade política, polas actuacións antidemocráticas dun estado no que non se dá unha verdadeira separación de poderes, como correspondería a un estado de dereito, e no que reaparece a cara máis rancia e reaccionaria do réxime do 78, herdeiro da ditadura.

O desenlace dos acontecementos desde o pasado 1 de outubro de 2017, deixa ben ás claras cal é a deriva deste réxime autoritario e antidemocrático: intervención policial, represión e violencia contra a cidadanía que quixo exercer o seu dereito democrático a votar, intervención política a través da aplicación do art. 155 da Constitución, acoso policial e xudicial, imputacións, detencións e ingreso en prisión de representantes institucionais democraticamente elixidos e líderes de organización sociais, exilio doutros/as dirixentes, impedimento para exercer o lexítimo dereito de seren proclamados os cargos propostos para a Presidencia da Generalitat polo Parlamento catalán, imputación por rebelión do responsábel dos Mossos e, dando un paso máis alá, criminalización da lexítima protesta e mobilización da sociedade catalá, coa detención de membros dos CDR, sendo acusados/as algún deles/as nada menos que dun delito de rebelión e terrorismo!

A resposta dada polos tribunais dos países europeos nos que se atopan nalgunhas das persoas exiliadas, diante da euroorde posta en marcha polo xuíz Llarena, pon en evidencia que non existen os delitos que se lles imputan e que o Estado español e as institucións xudiciais que actúan no seu nome, están violentando dereitos individuais e colectivos que veñen sendo defendidos por medios pacíficos e democráticos, non existindo violencia en ningunha das súas manifestacións.

Rexeitamos estas políticas levadas a cabo por un goberno do PP corrupto e fascista, coa axuda e colaboración do PSOE e Ciudadanos, mais tamén lamentamos a postura equidistante que, dada a situación, non alcanzamos a comprender en forzas de esquerdas, non só porque, no fondo, se están a amparar as actuacións represivas do Estado, senón porque ese proceso está a poñer en cuestión, de xeito pacífico, cívico e democrático, a verdadeira cara desta monarquía autoritaria.

Isto evidencia que o punto de mira deste réxime está nos procesos populares democráticos de emancipación, as organizacións políticas, sociais e os movementos que loitamos pola liberación das nosas nacións. Queda claro que o Estado español representa un modelo fracasado, e que se está a ver impotente para manter ese modelo, centralista, con institucións anacrónicas como a Coroa e o recurso da forza e a represión para ir contra o lexítimo dereito de autodeterminación dos pobos que, por moito que intenten adoutrinar, por moito que utilicen os medios de comunicación ao seu servizo para crear o discurso dunha España uniforme que nega a realidade plurinacional, non renunciaremos aos dereitos que nos corresponden, como nacións que somos.

Consideramos que a maquinaria represiva do Estado leva tempo mostrando o seu carácter antidemocrático. Os dereitos fundamentais estanse a ver vulnerados en todos os ámbitos: mozos de Altsasu que participaron nunha pelexa de bar xulgados por terrorismo, peches de medios de comunicación e ilegalizacións de organizacións políticas, sindicalistas condenados a cadea por participaren en mobilizacións, o dereito a folga querendo ser posto en cuestión (o caso que nos trae aquí da I-CSC en Catalunya ou en Galiza o caso da demanda contra a CIG de Navantia, e a condena de prisión de Carlos e Serafin, por participaren nunha folga de sector), rapeiros condenados, humoristas imputados, obras teatrais críticas ameazadas de suspensión, xornalistas críticos vetados/as, embargos e procesamentos contra líderes independentistas... e, cada día, unha nova actuación contra as protestas e as ideas diferentes, mentres vemos a aparición de grupos fascistas violentos actuando con total impunidade.

Dicíase nos que por vías pacíficas e democráticas todas as ideas e proxectos políticos eran defendíbeis, pero estase a demostrar que non é certo.

Por todo isto:

- Reclamamos a restitución da normalidade democrática que o pobo catalán manifestou nas urnas no referendo do 1 de outubro e nas eleccións do pasado 21 de decembro, comezando pola derogación da aplicación do art. 155.
- A liberdade do Presidente Puigdemont e de todos/as os/as presos/as políticos/as cataláns.
- Retorno das persoas exiliadas e a restitución de todos os seus dereitos.
- Cesamento do acoso policial e xudicial contra os cargos políticos e institucionais.
- Que se recoñeza o dereito dos pobos de Estado español a decidir sobre o seu futuro, facendo efectivo o dereito de autodeterminación.

Para rematar, manifestamos a nosa solidariedade con todas as persoas que están a ser represaliadas e, en xeral, co pobo de Catalunya. E chamamos tamén á solidariedade dos nosos pobos, participando en todas aquelas accións pacíficas na defensa destes dereitos e da democracia.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018

Asinado:

Intersindical- CSC (Catalunya), ELA e LAB (Euskal Herria) e CIG (Galiza)

